

Anexo III. Modelo de programación de proba libre de módulos profesionais

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015773	IES Muralla Romana	Lugo	2013/2014

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	superior	Probas libres

Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
MP0614	Despregamento de aplicacións web	88

Profesorado responsable

José María Acebo Rodríguez

Índice

1. Identificación da programación	1
Centro educativo.....	1
Ciclo formativo.....	1
Módulo profesional	1
Profesorado responsable.....	1
2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	3
2.1 Primeira parte da proba.....	3
2.1.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.....	3
2.1.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado.....	3
2.2 Segunda parte da proba.....	4
2.2.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.....	4
2.2.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado.....	4
3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.....	5
4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento.....	6
4.1 Primeira parte da proba.....	6
4.2 Segunda parte da proba.....	6

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1 Primeira parte da proba

2.1.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
Implanta arquitecturas web, para o que analiza e aplica criterios de funcionalidade.
Xestiona servidores web, para o que avalía e aplica criterios de configuración para o acceso seguro aos servizos.
Implanta aplicacións web en servidores de aplicacións, para o que avalía e aplica criterios de configuración para o seu funcionamento seguro.
Administra servidores de transferencia de ficheiros, para o que avalía e aplica criterios de configuración que garantan a dispoñibilidade do servizo.
Analiza a estrutura e a funcionalidade dos servizos de rede, e axusta a súa configuración para asegurar o correcto despregamento das aplicacións web.

2.1.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
Analizáronse aspectos xerais de arquitecturas web, as súas características, as súas vantaxes e os seus inconvenientes.
Descríbironse os fundamentos e os protocolos en que se basea o funcionamento dun servidor web.
Realizouse a instalación e a configuración básica de servidores web.
Clasificáronse e describíronse os principais servidores de aplicacións.
Realizouse a instalación e a configuración básica de servidores de aplicacións.
Realizáronse probas de funcionamento de servidores web e de aplicacións.
Analizouse a estrutura e os recursos que compoñen unha aplicación web.
Descríbironse os recursos necesarios nos servidores para a execución de aplicacións web.
Documentáronse os procesos de instalación e configuración básica realizados sobre os servidores.
Recoñecéronse os parámetros de administración máis importantes do servidor web.
Ampliouse a funcionalidade do servidor mediante a activación e configuración de módulos.
Creáronse e configuráronse sitios virtuais.
Configuráronse os mecanismos de autenticación e control de acceso do servidor.
Obtivéronse e instaláronse certificados dixitais.
Establecéronse mecanismos para asegurar as comunicacións entre o cliente e o servidor.
Realizáronse probas de funcionamento e rendemento do servidor web.
Realizáronse os axustes necesarios para a implantación de aplicacións no servidor web.
Descríbironse os fundamentos e os protocolos en que se basea o funcionamento dun servidor web.
Descríbironse os compoñentes e o funcionamento dos servizos proporcionados polo servidor de aplicacións.
Identificáronse os principais ficheiros de configuración e de bibliotecas compartidas.
Configurouse o servidor de aplicacións para cooperar co servidor web.
Configuráronse e activáronse os mecanismos de seguridade do servidor de aplicacións.

Configuráronse e utilizáronse os compoñentes web do servidor de aplicacións.
Instaláronse e configuráronse servidores de transferencia de ficheiros.
Creáronse usuarios e grupos para o acceso remoto ao servidor ftp.
Configurouse o acceso ftp anónimo.
Comprobouse o acceso ao servidor, tanto en modo activo como en modo pasivo.
Realizáronse probas con clientes ftp en liña de comandos e clientes en modo gráfico.
Utilizouse o protocolo seguro de transferencia de ficheiros.
Configuráronse e utilizáronse servizos de transferencia de ficheiros integrados en servidores web.
Utilizouse o navegador como cliente do servizo de transferencia de ficheiros.
Descríbóronse a estrutura, a nomenclatura e a funcionalidade dos sistemas de nomes xerárquicos.
Identificáronse as necesidades de configuración do servidor de nomes en función dos requisitos de execución das aplicacións web despregadas.
Identificáronse a función, os elementos e as estruturas lóxicas do servizo de directorio.
Analizouse a configuración e a personalización do servizo de directorio.
Analizouse a capacidade do servizo de directorio como mecanismo de autenticación centralizada dos usuarios nunha rede.
Especificáronse os parámetros de configuración no servizo de directorios adecuados para o proceso de validación de usuarios da aplicación web.
Elaborouse documentación relativa ás adaptacións realizadas nos servizos de rede.
Identificáronse ferramentas de xeración de documentación.
Documentáronse os compoñentes de software utilizando os xeradores específicos das plataformas.
Utilizáronse diversos formatos para a documentación.
Utilizáronse ferramentas colaborativas para a elaboración e o mantemento da documentación.
Instalouse, configurouse e utilizouse un sistema de control de versións.
Garantiuse a accesibilidade e a seguridade da documentación almacenada polo sistema de control de versións.

2.2 Segunda parte da proba

2.2.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
Os mesmos resultados de aprendizaxe que para a primeira parte da proba.

2.2.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
Os mesmos criterios de avaliación que para a primeira parte da proba.

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os criterios de avaliación serán mínimos esixibles.

A primeira parte da proba será escrita e cualificarase de 0 a 10. Un aprobado será 5 ou máis, e dará dereito a facer a segunda parte da proba.

No caso de suspender a primeira proba non se poderá facer a segunda (a nota desta última será 0); e a nota final será 4 como máximo.

A segunda parte da proba, que se fará só en caso de aprobar a primeira, puntuarase de 0 a 10. O aprobado será cinco ou máis, e dará dereito a obter a media redondeada das dúas probas que será a nota final. Un suspenso na segunda parte da proba implicará que a nota final máxima sexa 4.

4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

4.1 Primeira parte da proba

Será unha proba escrita que versará sobre unha mostra significativa dos criterios de avaliación.

Instrumentos necesarios:
bolígrafo e papel.

4.2 Segunda parte da proba

Será unha proba práctica no ordenador empregando máquinas virtuais ás que haberá que instalarlles un sistema operativo Windows e/ou Linux, tanto a versión escritorio coma servidor en ambos os dous sistemas. Haberá que resolver correctamente algún suposto práctico relacionado cos criterios de avaliación.

Instrumentos necesarios:

Ordenador

Internet

Máquinas virtuais (VirtualBox)

Sistemas operativos (Escritorio: Windows XP ou superior, Ubuntu 12. Servidor: Windows 2003 ou superior, Ubuntu 12)

Servidores: IIS (www, ftp), Apache, Tomcat, Filezilla Server, Vsftpd, Pure-ftpd, Proftpd, DNS (Windows), Bind9,

Clientes: Navegadores (IE, Chrome, Firefox), FTP (Filezilla, CoreFTP, WinSCP, Net2ftp).

Outros: Webmin, Php 5.3 ou superior. MySql 5.1 ou superior, Joomla, Wordpress